



REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE NIGRÁN

Trámite de aprobación inicial

PREÁMBULO

O Concello é o marco político-administrativo máis próximo á cidadanía. É o lugar ideal para que a democracia se poida exercer de forma directa. A democratización do Concello esixe, non só a representatividade dos/as cidadáns/as elixidos/as polo pobo para a toma de decisións, senón a intervención da cidadanía na planificación e control das actividades daqueles/as. Isto chámase participación, elemento imprescindible para a profundización da democracia. Polo tanto, participación é a incorporación á tarefa municipal de toda acción de carácter solidario, ben sexa individual ou colectiva, intentando con isto chegar ó recoñecemento pleno do/a veciño/a como suxeito de dereitos e non simple beneficiario/a de prestacións e servizos municipais.

O Regulamento de participación cidadá responde ao compromiso do Concello ante os cidadáns e cidadás para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo co ordenamento constitucional e conforme aos principios que inspiran a Carta Europea de Salvagarda dos Dereitos Humanos ás cidades.

Este compromiso municipal orienta a vontade de crear e consolidar un sistema de participación adecuado á democracia local que reforce o dereito constitucional á participación nos asuntos públicos proclamado no artigo 23 da Constitución.

Estruturase nun título preliminar, catro títulos, disposicións transitorias, adicionais, e final.

O título Preliminar deste regulamento aborda o obxecto e o ámbito de aplicación deste regulamento

O Título Primeiro regula os dereitos de participación cidadá regulando a iniciativa popular local, a posibilidade de intervención dos veciños e veciñas de Nigrán no apartado de rogos e preguntas dos plenos da corporación e a consulta popular.

O Título Segundo dedícase aos órganos de Participación cidadá regulándose as liñas xerais dos Consellos Sectoriais e, como novidade, a posibilidade de creación dos Consellos Parroquiais. Como novidade neste Título crease o Consello Xeral de Participación cidadá.

O Título terceiro dedícase ao mellorar aspectos do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais existente en Nigrán.

Coas Disposicións transitorias pretendese preservar os actuais Consellos Escolar e Sectorial do PXOM, así como preservar os dereitos das asociacións actualmente inscritas no rexistro municipal de Asociacións.

Establécese na Disposición Final, a previsión de entrada en vigor do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Nigrán.

TÍTULO PRELIMINAR.

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto do Regulamento

O obxecto desta norma é regular as formas, medios e procedementos de participación das veciñas e veciños na xestión das políticas municipais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. O ámbito de aplicación deste regulamento inclúe a todos/as os/as veciños/as de Nigrán e ás entidades cidadáns con presenza no Concello de Nigrán.
2. A efectos destas normas, son veciños/as as persoas inscritas no Padrón Municipal de Habitantes e considéranse entidades cidadáns as inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

TÍTULO I.- O DEREITO Á PARTICIPACIÓN

CAPÍTULO I. A iniciativa popular local.

Artigo 3. A iniciativa.

1. Os/as veciños/as que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións, ou proxectos de regulamentos en materia de competencia municipal.
2. As iniciativas poderán, no seu caso, levar incorporada unha proposta de consulta popular local, que será tramitada polo procedemento e cos requisitos do capítulo III do presente título deste Regulamento.

Artigo 4. Requisitos.

1. Os/as promotores/as da iniciativa deben estar claramente identificados/as e a mesma debe estar subscripta, polo menos, polo 15% dos veciños de Nigrán que gocen do sufraxio activo nas eleccións municipais.
2. As sinaturas orixinais presentaranse en folios numerados e estarán ordenadas en táboas nas que figure o nome e apelidos do asinante, dirección e número de documento de identidade. En cada folio debe figurar unha referencia clara do obxecto da iniciativa.

Artigo 5. Admisión a trámite e ditame.

1. A comisión especial de Suxestións e Reclamacións será o órgano encargado de informar sobre a admisión a trámite as iniciativas.



2. Para iso deberá comprobar que reúne os requisitos legais e verificar as sinaturas, utilizando no seu caso técnicas de mostraxe.

3. Deberán ser admitidas aquelas iniciativas que cumpran os requisitos do artigo 4.

4. As iniciativas que non conten co respaldo do 15 por cento dos veciños, tamén se poderán admitir a trámite cando:

- Se trate dun axunto xeral para todo o municipio e estean subscritas polo menos por un 4 por cento dos veciños, que gocen do sufraxio activo nas eleccións municipais.

- Aínda tratándose dunha iniciativa de interese municipal que só afecte a unha ou varias das sete parroquias de Nigrán, esta subscrita polo 15 por cento dos habitantes que gocen do sufraxio activo nas eleccións municipais do ámbito territorial correspondentes.

5. Poderán ser admitidas a trámite as iniciativas que, cumprindo os requisitos do artigo 3, sexan presentadas polo Consello de Participación cidadá, un Consello Sectorial ou Consello Parroquial. No caso de que non estea constituído un Consello sectorial ou parroquial poderán ser admitidas aquelas iniciativas que estean avaladas polo 50 por cento dos colectivos sectoriais ou parroquiais inscritos no rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, sempre e cando a iniciativa teña relación co sector ou parroquia respectivamente.

6. Superada a fase de admisión, as iniciativas deberán ser tramitadas e, no seu caso, ditaminadas pola comisión informativa correspondente, previo informe de legalidade do/a secretario/a xeral do Concello, así como o informe do/a interventor/a municipal, cando afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

Artigo 6. Debate no pleno.

1. A iniciativa deberá ser sometida a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexa resolta polo órgano competente por razón da materia.

2. Se a proposta chegara a tratarse no Pleno, o Presidente poderá invitar a un representante dos promotores a expoñer os seu parecer durante o tempo que lle sinale, e con anterioridade ao debate da iniciativa.

3. Cando unha proposición sexa rexeitada, non se poderá presentar outra sobre o mesmo tema nun prazo dun ano, excepto que sexa complementada con novos datos de relevancia.

CAPÍTULO II. Do apartado de rogos e preguntas.

Artigo 7. Obxecto.

O presente capítulo ten por obxecto regular o dereito de intervención dos cidadáns/as nos Plenos municipais na quenda pública de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese xeral e municipal que terá lugar despois de rematada a da sesión.

Artigo 8. Ámbito subxectivo.

O dereito a intervir nas sesións do Pleno recoñécese a todas as persoas ou colectivos que

viven, están empadroadas ou desenvolven a súa a actividade no Concello de Nigrán.

Artigo 9. Requisitos das intervencións.

1. O número de intervencións previstas neste capítulo por Pleno ordinario non excederá de cinco.
2. Os rogos e preguntas serán breves e concretos e deberán referirse a cuestións relativas a asuntos de interese xeral e municipal.
3. Poderán rexeitarse os rogos ou preguntas que se formulen a través doutros canais mais apropiados, os que non se refiran a asuntos de interese municipal, os que por motivos técnicos teñan que ser contestadas por escrito e os xenéricos ou indeterminados. Estas circunstancias poñeranse en coñecemento dos interesados antes da celebración da sesión ordinaria do Pleno.
4. Cando unha solicitude de intervención sexa aceptada ou rexeitada non se poderá presentar outra sobre o mesmo tema nun prazo dun ano, agás que sexa complementada con novos datos de relevancia.

Artigo 10. Presentación da solicitude de intervención no pleno.

1. As persoas que desexen intervir na quenda pública de rogos e preguntas deberán presentar unha solicitude dirixida ao/a Presidente/a do Pleno na que figuren:
 - a) A identificación completa da persoa ou entidade solicitante, con indicación dunha dirección de correo electrónico e expresa aceptación do mesmo como medio de notificación, ou, noutro caso, con indicación dun domicilio a efecto de notificacións. No caso de que a persoa que presenta a solicitude sexa distinta da que vai participar no Pleno, deberá identificarse igualmente a esta segunda.
 - b) O rogo ou pregunta que desexe formular.
2. A presentación da solicitude poderá realizarse no Rexistro do Concello, a través dos medios habilitados para elo.
3. A solicitude deberá recibirse cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da sesión do Pleno ordinario no que pretenda expoñerse o rogo ou pregunta. O Concello poñerá á disposición da cidadanía a Orde do Día das sesións do Pleno, a través da páxina Web municipal.
4. Só se admitirá un rogo ou pregunta por solicitante. No caso de que se formularsen varios rogos ou preguntas nunha mesma solicitude, atenderase unicamente á primeira das formuladas.

Artigo 11. Ordenación e selección dos rogos e preguntas.

1. As solicitudes de intervención no Pleno ordenaranse na Secretaría Xeral por rigoroso orde de entrada.
2. A Comisión de Suxestións e Reclamacións propondrá á presidencia do Pleno os rogos e

preguntas que se formulen por este capítulo.

3. Cando o número de solicitudes de intervención para o próximo Pleno ordinario sexa superior a cinco, excluíranse primeiramente aquelas que sexan formuladas por persoas que no último ano xa exerceran o dereito recollido neste capítulo.

4. A aceptación ou rexeitamento das solicitudes de intervención corresponderá á Presidencia do Pleno.

5. En caso de rexeitamento da solicitude se lle notificará ao interesado, indicándolle as causas do rexeitamento

Artigo 12. Intervención na quenda de Rogos e Preguntas.

1. Rematada a sesión do Pleno, o/a Presidente/a abrirá unha quenda de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal.

2. Corresponde ao/a Presidente/a ordenar e pechar esta quenda.

3. Cada rogo ou pregunta deberá ser presentado por unha única persoa. No caso de corresponder a un colectivo, intervirá no seu nome e representación un único representante do mesmo.

4. Cada intervención terá unha duración máxima de tres minutos.

5. Non se permitirán expresións descualificadoras, ofensivas ou inxuriosas cara a persoas ou entidades, correspondendo ao/a Presidente/a, no seu caso, a potestade de retirar o uso da palabra.

6. As intervencións faranse desde o escano cidadán, que será posto a disposición da veciñanza na primeira sesión plenaria na que se exercite o dereito de intervención.

7. O/a Presidente/a ordenará, no seu caso, as intervencións do goberno e da oposición que se produzan a propósito de cada unha das intervencións.

8. Os rogos e preguntas poderán ser contestados por escrito no prazo máximo de 30 días, no caso de que o preguntado non desexe dar unha resposta inmediata.

CAPÍTULO III. Da consulta popular local.

Artigo 13. Dereito á consulta popular.

Tódolos cidadáns e cidadás inscritos no Censo electoral teñen dereito a ser consultados directamente sobre asuntos do seu interese, así como promover a consulta popular de acordo coa lexislación vixente e co disposto no presente regulamento.

Artigo 14. A consulta popular.

1. O Alcalde, de conformidade có artigo 71 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, poderá someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia propia

municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses da veciñanza, salvo os relativos á Facenda local.

2. O acordo de efectuar unha consulta popular, corresponde ao Pleno do Concello por maioría absoluta. Unha vez adoptado o acordo e obtidas as autorizacións preceptivas e convocado de acordo coa lexislación, o Alcalde deberá realizar os trámites pertinentes para levala a efecto.

3. A consulta expresará as posibles solucións e alternativas coa máxima información escrita e gráfica posible.

4. Dentro dunha mesma consulta pódese incluír máis dunha pregunta.

5. Non se poderán facer, cada ano, máis dunha consulta e tampouco reiterar, nun mesmo mandato, unha mesma consulta.

6. A celebración da consulta axustárase ás disposicións xerais e, no seu caso, ao procedemento establecido pola lexislación do Estado en materia de referendo.

Artigo 15. Iniciativa para a consulta popular.

1. Tamén poderá solicitarse a consulta popular por petición colectiva dun número de veciños non inferior ao 15% dos que gocen do sufraxio activo nas eleccións municipais.

2. A comisión especial de Suxestións e Reclamacións será o órgano encargado de informar sobre a admisión a trámite das iniciativas.

3. Para iso deberá comprobar que reúne os requisitos legais e verificar as sinaturas, utilizando, no seu caso, técnicas de mostraxe.

4. En caso de que a iniciativa cumpra os requisitos previstos neste artigo, procederase como se indica no artigo anterior.

Artigo 16.- O resultado da consulta popular deberase someter á consideración do Pleno no prazo máximo de dous meses despois de realizada.

TÍTULO II. OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 17. Os órganos de participación cidadá.

Articúlase a participación cidadá nos asuntos municipais a través dos seguintes órganos:

1. Consellos sectoriais
2. Consellos parroquiais
3. Consello de participación cidadá.

Estes Consellos serán órganos colexiados de participación, de carácter complementario consultivo e asesor.

CAPÍTULO I. Consellos sectoriais.

Artigo 18. Definición de Consellos Sectoriais.

1. Os Consellos Sectoriais son órganos de carácter informativo, consultivo e de formulación de propostas, que permiten a participación cidadá na xestión de cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal.
2. Poderase crear un Consello Sectorial por cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal, mediante acordo adoptado polo Pleno.

Artigo 19. Finalidade.

Os consellos sectoriais teñen a finalidade de promover e canalizar a participación das entidades cidadás e da cidadanía nos diferentes sectores da vida local en que o Concello ten competencia, facendo así posible unha maior corresponsabilización dos/as veciños/as nos asuntos públicos do municipio.

Artigo 20. Da iniciativa de creación dun Consello Sectorial.

Ademais das previstas na normativa local, terán dereito a propoñer a creación dun Consello Sectorial a metade das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais nunha determinada categoría das previstas no artigo 38.

Artigo 21. Composición dos Consellos Sectoriais.

1. Os Consellos Sectoriais estarán constituídos, cando menos, por:
 - a) Presidencia: alcalde/esa, ou concelleiro/a en quen delegue o/a Alcalde/sa delegue.
 - b) Representantes de entidades cidadás, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais relacionadas có sector ou con interese na materia. Tamén poderán ter representación outras entidades que se considere de interese.
 - c) Un representante por cada un dos partidos políticos ou coalicións electorais con representación no Pleno.

A composición específica de cada Consello, organización, competencias e forma de funcionamento rexeráse polo disposto nas normas concretas, que serán aprobadas polo Pleno do Concello.

Artigo 22. Competencias dos Consellos Sectoriais.

Os Consellos Sectoriais terán as seguintes atribucións:

- a) Consulta previa nos asuntos de transcendencia que afecten aos mesmos. Entre estes asuntos de transcendencia estará o orzamento anual do Concello.
- b) Presentar iniciativas, suxestións e propostas para que sexan discutidas nos órganos de goberno correspondentes.
- c) Propoñer solucións aos problemas concretos e globais do sector.

d) Colaborar en estudos e na elaboración de programas, proxectos e disposicións xerais do sector.

Artigo 23. Normas xerais de funcionamento.

Tódolos os Consellos Sectoriais cumprirán as seguintes normas xerais de funcionamento:

- Reuniranse, como mínimo, unha vez ao ano con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cantas veces sexa preciso a xuízo da presidencia ou cando o soliciten un mínimo dun terzo dos membros do Consello.
- As actas de todas as xuntanzas publicaranse na web do Concello.
- Cada ano o Consello Sectorial debaterá e aprobará un informe das actuacións realizadas durante o período e propoñerá iniciativas para melloralas. Este informe será presentado ó Consello de Participación Cidadá.
- As reunións dos Consellos Sectoriais serán públicas, de acordo co previsto nas normas de funcionamento.

Artigo 24. Regulamento interno de funcionamento.

Unha vez constituídos os Consellos Sectoriais, poderán un Regulamento interno de funcionamento de acordo ao previsto neste Capítulo, e nas normas aprobadas polo Pleno.

CAPÍTULO II. Consellos parroquiais.

Artigo 25. Definición.

Os Consellos parroquiais son órganos de de carácter informativo, consultivo e de formulación de propostas, sen personalidade xurídica propia, que teñen a función de canalizar a participación de veciños/as, colectivos e entidades dunha mesma parroquia.

Artigo 26. Constitución dos Consellos Parroquias.

1. Os Consellos Parroquiais constituiranse por acordo do Pleno do Concello de Nigrán
2. Poderán propoñer a creación dun Consello Parroquial:
 - Un 10% dos veciños ou veciñas da Parroquia maiores de idade.
 - A metade das entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, cuxo ámbito territorial sexa dita parroquia.

Artigo 27. Normas xerais de funcionamento.

Os Consellos parroquiais cumprirán as seguintes normas xerais de funcionamento:

- a) Reuniranse, como mínimo, unha vez ao ano.

b) Publicarán as datas de reunión do Consello co fin de que a cidadanía poida presentar solicitudes e propostas. Para esta publicación empregaranse taboleiros de anuncios municipais e a páxina web do Concello.

c) As actas de tódalas xuntanzas, publicaranse na web do Concello.

Artigo 28. Composición dos Consellos Parroquiais.

a) O/a Alcalde/a ou Concelleiro/a en quen delegue, que ostentarán a presidencia.

b) Dous representantes de cada unha das entidades veciñais do ámbito territorial inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, designados polas súas correspondentes asociacións.

c) Un representante por cada un dos grupos municipais, sen que necesariamente deba ter a condición de membro da corporación.

A composición específica de cada Consello, organización, competencias e forma de funcionamento rexeráse polo disposto nas normas concretas, que serán aprobadas polo Pleno do Concello.

Artigo 29. Funcións e competencias.

Son competencia dos consellos parroquiais.

1. Fomentar a participación directa da cidadanía por medio das entidades do territorio, na actividade do Concello, establecendo a estes efectos os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento das súas actividades.

2. Recoller propostas cidadás e informar sobre o funcionamento dos servizos municipais no territorio correspondente.

3. Presentar ó concello, anualmente, un estado de necesidades e problemas específicos do territorio, con indicación e selección de prioridades para a súa posible inclusión no plan de actuación municipal.

4. Analizar os elementos do plan de actuación municipal que afecten ó territorio de que se trate. O Concello informara ao consello das actuacións que se van a acometer na parroquia.

5. Colaborar co Concello na solución dos problemas do territorio e axudar na aplicación de políticas que preveñan situacións de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e marxinação.

6. Cada Consello parroquial terá ademais as funcións específicas que determine o seu a.rdo de creación.

Artigo 30. Regulamento interno de funcionamento.

Unha vez constituídos os Consellos parroquiais, poderán elaborar un Regulamento interno de funcionamento de acordo ao previsto neste Capítulo e nas normas aprobadas polo Pleno.

CAPITULO III. O Consello Xeral de Participación Cidadá.

Artigo 31. Definición.

O Consello Xeral de Participación Cidadá é o órgano máis amplo de participación na xestión municipal, desde o que se analizan e coordinan as actuacións que afecten ó conxunto do municipio e do resto de órganos de participación cidadá do Concello.

Artigo 32. Finalidade.

Teñen a finalidade de promover, canalizar e debater sobre os diferentes temas que afecten á vida cotiá do municipio no seu conxunto, facendo posible unha maior corresponsabilización dos/as veciños/as nos asuntos do municipio.

Ademais, o Consello Xeral de Participación Cidadá canalizará os informes dos diversos Consellos Municipais Sectoriais e consellos parroquiais coa finalidade de desenvolver os obxectivos de participación.

Artigo 33. Creación

1. A aprobación deste regulamento de Participación cidadá, supón a constitución do Consello Xeral de Participación Cidadá.
2. A composición, organización e ámbito de actuación do Consello Xeral de Participación Cidadá, regulase neste capítulo.

Artigo 34. Composición.


1. En función da súa representatividade e poboación, constituirán o Consello Xeral de Participación Cidadá:
 - a) Como presidente/a: o/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue.
 - b) Como vicepresidente/a: Un membro da corporación..
 - c) Representantes de cada un dos Grupos Políticos con representación municipal.
 - d) Representantes de cada un dos consellos municipais Sectoriais constituídos.
 - e) Representantes de cada un dos consellos Parroquiais constituídos que se creen.
 - f) Representantes por parroquia das asociacións cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais da veciñanza.
 - g) Representantes das Asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións cuxo obxecto sexa a defensa de intereses sectoriais dos veciños.

Cando así o determine a presidencia asistirá un/a funcionario/a municipal, con voz e sen voto.

2. A composición final do Consello Xeral de Participación Cidadá, organización, así como as súas normas de funcionamento serán determinadas por acordo plenario.

Artigo 35. Funcións e competencias.

As funcións do Consello Xeral de Participación serán as seguintes:



1. Proporcionar información sobre os problemas xerais de alcance municipal.
2. Achegar ó concello propostas e alternativas adoptadas.
3. Debater e valorar as conclusións dos estudos e traballos sobre temas estratéxicos que realice o Concello.
4. Ser consultado polo Concello ou polas comisións informativas en asuntos de transcendencia para o municipio. Entre estes asuntos de transcendencia estará o orzamento, os proxectos cuxa aprobación é competencia do pleno e os plans de investimentos do Concello, para o cal o Concello facilitará aos diversos consellos a información necesaria entre a cal estará o proxecto de orzamento anual desagregado por partidas, co tempo suficiente para que poidan expresar a súa opinión, achegar ideas e propostas.
5. Debater e valorar os temas de interese xeral que presenten os Consellos Sectoriais e os consellos parroquiais.
6. Manter contacto coas distintas áreas municipais para o seguimento e control dos acordos tomados coa periodicidade que diten as normas de funcionamento.

Son competencia do Consello Xeral de Participación Cidadá:

1. Facilitar e promover a participación da cidadanía nas distintas áreas de xestión do Concello.
2. Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual e entre organizacións.
3. Impulsar a creación de estruturas participativas.
4. Fomentar a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais.
5. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ó Concello, para ser trasladadas ó órgano competente.
6. Ser informados respecto daqueles temas de interese para o Consello.
7. Ser informados, previa petición, de cantos asuntos se demanden.
8. Coordinar as actuacións e propostas dos consellos sectoriais.

Artigo 36. Normas xerais de funcionamento.

1. O Consello Xeral de Participación Cidadá reunirase unha vez ó semestre con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa preciso a xuízo da Presidencia ou o solicite, polo menos, a metade dos membros.
2. Os acordos adoptaranse por maioría simple.
3. De cada xuntanza que se celebre se estenderá acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os informes emitidos. Copia das actas remitirase a tódolos membros do Consello e porase a disposición das entidades municipais na páxina web

do Concello.

4. Para a válida constitución do Consello, requírese a asistencia de mais da metade dos membros en primeira e dun terzo en segunda convocatoria.

5. O Consello Xeral de Participación Cidadá poderá formar no seu seo as Comisións de Estudo que estime convenientes.

6. Anualmente ditarase unha Memoria de Actividades do Consello de Participación Cidadá que se dará a coñecer a través da páxina web do Concello.

7. Unha vez constituído o Consello Xeral de Participación Cidadá, elaborarán un Regulamento Interno de Funcionamento, que deberá ser aprobado polo Pleno.

TÍTULO III. O REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS.

CAPÍTULO I. O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Nigrán

Artigo 37. Definición.

O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais ten como finalidade a inscrición das asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños de Nigrán, para que poidan exercer os dereitos previstos neste regulamento e na lexislación de réxime local.

Artigo 38. Categorias do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.


O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais terá as seguintes categorías:

- Asociacións de veciños e veciñas cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais da veciñanza de todo o municipio ou dunha parroquia.
- Asociacións de Nais e Pais de alumnos.
- Entidades culturais.
- Entidades deportivas.
- Entidades recreativas.
- Entidades xuvenís.
- Entidades cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora do medio ambiente.
- Comunidades de Montes
- Entidades cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais das mulleres.
- Entidades cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora doutros intereses sectoriais.

Os ámbitos territoriais de actuación das asociacións será todo o municipio ou algunha das distintas parroquias de Nigrán.

CAPÍTULO II. A inscrición no rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Artigo 39. A inscrición no rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.



1. A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, terá carácter voluntario e gratuito e deberá axustarse ás disposicións aplicables.

Artigo 40. Solicitude de inscrición.

A solicitude de inscrición dunha entidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais presentarase no Rexistro Xeral do Concello polo representante da mesma, dirixida á Alcaldía indicando o ámbito territorial e a categoría ou categorías do rexistro na que desexan que sexa inscrito.

A solicitude de inscrición, deberán acompañarse os seguintes documentos:

- a) Estatutos da asociación.
- b) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións ou noutros Rexistros públicos.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social.
- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso.
- g) Certificación do número de socios.
- h) Código de Identificación Fiscal.

Artigo 41. Inscrición.

1. No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e salvo que este tivera que interrompese pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, ou no caso do parágrafo seguinte, mediante resolución da Alcaldía, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta a todos os efectos.

De non aceptarse o ámbito territorial ou a categoría ou categorías solicitadas o Concello o notificará á entidade para que alegue o que considere conveniente. E se nun prazo de quince días desde a notificación non presentou ningún tipo de alegación entenderase aceptada a clasificación proposta polo Concello. En caso contrario, o Alcalde decidirá o que corresponda, oída a Comisión de suxestións e reclamacións.

Artigo 42. Actualización do rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

1. As entidades poderán causar baixa no Rexistro por:

- a) Extinción das mesmas.
- b) Petición propia
- c) Inactividade durante un período de 12 meses consecutivos.
- d) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 236 do Real Decreto 2568/1986, e demais normas de aplicación.

Nos casos deste artigo a baixa darase por parte da alcaldía, previa notificación á entidade para que poida formular alegacións durante 15 días e oído o parecer da Comisión de suxestións e reclamacións. En todo caso, daráselle un prazo dun mes para cumprir ás obrigas previstas no regulamento.

Disposición transitoria primeira

En tanto non se adapten a este regulamento seguirán vixentes os regulamentos do Consello Sectorial do PXOM o do Consello Escolar de Nigrán.

Disposición transitoria segunda

As entidades cidadás xa inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Nigrán deberán achegar no prazo de 6 meses toda a documentación que non obre en poder do Concello, así como actualizar todos os datos que deben constar no Rexistro.

Conservaran a antigüidade de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais as entidades que cumpran o disposto no paragrafo anterior.

Disposición transitoria terceira

No prazo máximo de tres meses desde a aprobación definitiva deste regulamento, o Alcalde invitará a todas as asociacións Veciñais inscritas no Rexistro a participar no Consello Xeral de Participación cidadá.

Disposición adicional

Mediante acordo plenario poderanse crear novas categorías adicionais ás previstas neste regulamento ou agruparse nunha varias das existentes no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Disposición final

O presente Regulamento entrará en vigor transcorridos quince días hábiles desde a publicación do seu texto íntegro aprobado definitivamente no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

O Pleno do Concello, na sesión de 31 de maio de 2016 acordou aprobar inicialmente o presente Regulamento orgánico de Participación Cidadá do Concello de Nigrán.

Nigrán, 1 de xuño de 2016

O SECRETARIO XERAL

Asdo Julio-César Doallo Álvarez

